



Revista Administración & Cidadanía, EGAP
Vol. 16_núm. 1_2021 | pp. 65-79
Santiago de Compostela, 2021
<https://doi.org/10.36402/ac.v16i1.4777>
© María Luisa Gómez Jiménez
ISSN-L: 1887-0279 | ISSN: 1887-0287
Recibido: 23/05/2021 | Aceptado: 29/06/2021

Editado baixo licenza Creative Commons Attribution 4.0 International License

O “novo” paradigma regulador á luz do exercicio das competencias das administracións locais durante o Estado de Alarma: gobernando a resiliencia durante a pandemia¹



El “nuevo” paradigma regulatorio a la luz del ejercicio de las competencias de las administraciones locales durante el Estado de Alarma: gobernando la resiliencia durante la pandemia

The “new” regulatory paradigm in the light of the exercise of the powers from the local administrations during the state of alarm: governing resilience during the pandemic

MARÍA LUISA GÓMEZ JIMÉNEZ

Profesora Titular de Dereito Administrativo
Universidade de Málaga
Instituto de Biotecnoloxía e Desenvolvemento Azul. UMA
<https://orcid.org/0000-0002-3358-786X>
mlgomez@uma.es

“Aquel que non coñece a súa historia está condenado a repetila”,

Confucio

“Se queremos que todo siga como está, é necesario que todo cambie”,

Giuseppe Tomasi

Resumo: A dinámica que a primeira declaración de Estado de Alarma de marzo de 2020 iniciou, respecto da regulación de aspectos que afecta ao exercicio das competencias locais,

permiten debuxar un escenario de atención sen par, que permitiron que as administracións locais sexan as que en primeiro lugar enfrenten as consecuencias derivadas das decisións adoptadas tanto a escala nacional como rexional. Na presente investigación estúdanse algunhas das principais medidas adoptadas e en que medida a normativa de réxime local debiera recibir estas, no ben entendido de que son os principais actores dunha necesaria gobernanza urbana intelixente aínda por facer.

Palabras clave: pandemia, Administración local, Estado de Alarma, gobernanza urbana, co-gobernanza, xestión local.

Resumen: La dinámica que la primera declaración de Estado de Alarma de marzo de 2020 ha iniciado, respecto a la regulación de aspectos que afecta al ejercicio de las competencias locales, permiten dibujar un escenario de atención sin par, que han permitido que las administraciones locales sean las que en primer lugar enfrenten las consecuencias derivadas de las decisiones adoptadas tanto a escala nacional como regional. En la presente investigación se estudian algunas de las principales medidas adoptadas y en qué medida la normativa de régimen local debiera recibir las mismas, en el bien entendido de que son los principales actores de una necesaria gobernanza urbana inteligente aún por hacer.

Palabras clave: pandemia, Administración local, Estado de Alarma, gobernanza urbana, co-gobernanza, gestión local.

Abstract: Dynamics involved in the first alarm state declared in Mars 2020, brought a new understanding of how regulation which affect the local action, this draws an scenery of attention to local powers, and allows public bodies to define in first place the consequences connected to the decisions taken not just at National but at Regional Level. This paper deals with the case of the more significant decisions taken, starting from Mars 2020 till now, and the impact of those in the local regulation, with the projection of the significant roles that local authorities should take in dealing from an urban governance perspective with the pandemic.

Key words: pandemic, local authorities, health emergency, urban governance, resilience, co-governance, local management.

SUMARIO: 1 O contexto: Estado de Alarma, Administración local e “sindemia”. 2 Muíños de vento, vaivéns políticos, incertezas xurídicas e a súa afección á xestión local. 2.1 Exame das competencias Locais e a súa xestión en materias afectadas de maneira directa polo Estado de Alarma durante a vixencia do Estado de Alarma. 2.2 Exame dos condicionantes xurisdiccionais derivados da incidencia do exercicio de competencias autonómicas no ámbito local, e a súa xestión en todas as materias afectadas pola pandemia tras o Estado de Alarma. 2.2.1 A incidencia da regulación autonómica e a súa proxección na xestión local en atención ás limitacións impostas pola pandemia. 2.2.2 Competencia en materia de vivenda, urbanismo e medio ambiente urbano. 3 Oportunidades económicas dende a resiliencia e a intelixencia territorial: da Cidade Intelixente á Cidade Resiliente. 4 Bibliografía.

1 O CONTEXTO: ESTADO DE ALARMA, ADMINISTRACIÓN LOCAL E “SINDEMIA”

A atención á actuación das administracións locais en momentos de crises xa sexa esta económica, sanitaria ou simplemente política, é un elemento que permite entender o funcionamento da economía a escala nacional, a atención sanitaria ou a xestión política, en tanto en canto, as administracións locais, como administracións máis próximas ao cidadán² permiten proxectar a necesidade social no ámbito inmediato no que os efectos de toda crise teñen lugar.

É por iso polo que chegar a entender cal é o marco xurídico de actuación, as ferramentas xurídicas, as técnicas normativas e as consecuencias das actuacións locais,

supón entender parte non só do problema –sexa este cal sexa– senón tamén parte da solución³. A situación que a pandemia por COVID-19 deixou nas nosas administracións locais, afectadas pola necesidade dunha recuperación económica que parece aínda afastada⁴, merece ser entendida no marco das posibilidades de actuación que estas teñen na definición das mellores estratexias para loitar non só contra o contaxio da enfermidade⁵, senón contra a destrución do tecido empresarial local. A presente investigación divídese en dúas partes diferenciadas: na primeira abordaremos a expresión derivada da regulación ex Estado de Alarma na normativa local⁶, e con iso os cambios que deberon producirse para axustar o funcionamento das administracións locais ao escenario de confinamentos perimetrais, peches, e restricións diversas á mobilidade e á actividade socioeconómica e cultural. A segunda parte examinará elementos derivados do exercicio de competencias locais en sectores claves e como o desenvolvemento dese sector está sendo afectado pola crise e as medidas nacionais e locais, e por último reflexionaremos sobre o papel protagonista que deben desempeñar as administracións locais en tanto que son administracións que tiveron que afrontar en primeiro lugar a adopción de estratexias eficaces nunha situación de emerxencia sanitaria sen precedentes como a que se operou coa COVID-19⁷.

Pois ben, neste contexto, as administracións locais, como actores do campo de batalla na que todas as decisións administrativas independentemente da Administración da que emanen deban proxectarse, deberon afrontar retos derivados da cualificación non só da emerxencia sanitaria, senón da emerxencia climática. Isto é, deberon lidar coas distintas reformas e regulacións tendentes a remediar a situación de desconcerto que ás veces sentiu a poboación cando viu diminuídas as súas facultades e liberdades ambulatorias en pos da salvagarda da saúde pública, o interese xeral, e a atención ás garantías constitucionais do noso estado de dereito.

2 MUÍÑOS DE VENTO, VAIVÉNS POLÍTICOS, INCERTEZAS JURÍDICAS E A SÚA AFECCIÓN Á XESTIÓN LOCAL

Examinar o contido do artigo 25 da Lei de bases de réxime local⁸, en plena pandemia, non deixa de ser un exercicio sorprendente, cando se pon no contexto das actividades que as administracións locais, sempre activas, veñen desenvolvendo para aplicar a lexislación estatal derivada do Estado de Alarma, as limitacións autonómicas, por máis que poidan diverxer de municipio e as propias disposicións locais, que no contexto das Ordenanzas, e se é o caso bandos de alcaldía, veñen complementar un escenario complexo de interacción interadministrativa, onde as administracións locais, acaban sendo as protagonistas.

De feito, a competencia de cumprimento e salvagarda da regulación estatal e autonómica⁹ resultou crucial para garantir o cumprimento das medidas adoptadas para, por exemplo, manter os confinamentos perimetrais, avanzar na seguridade e na salubridade pública, ordenar a mobilidade, e o uso dos espazos públicos¹⁰, parques e xardíns e

a xestión dos equipamentos e provisión de servizos locais, afectados e mediatizados polas limitacións normativas impostas. Por todo o anterior, propoñemos un exame que, se ben non aspira a ser exhaustivo, quere botar algunha luz sobre a relevancia do exercicio das competencias das administracións locais como elementos cruciais para entender a forma en que se puideron conter ou non os contaxios nos distintos espazos e territorios do Estado Español.

Para iso, dividiremos a atención á actuación local en dous elementos: as competencias en materias que foron especialmente relevantes no control da pandemia¹¹, por vincularse á salubridade, mobilidade, control de capacidades e seguridade cidadá, limpeza, xestión de residuos e a xestión (provisión) de servizos turísticos, abastecemento de auga e o seu saneamento, e, como non podía ser doutra maneira, a provisión de servizos mortuorios, e doutro lado, outras competencias locais en materias que, se ben non tiveron unha afección directa no control da pandemia, si presentaron unha afección “indirecta”¹², referímonos ás que afectan á provisión de servizos sociais, ou socio comunitarios e de educación¹³, a xestión urbanística e de política de vivenda, actividades deportivas¹⁴, espectáculos públicos, ou a atención ao medio ambiente urbano ou a paisaxe, ao patrimonio histórico, as feiras, abastos, lonxa, comercio ambulante¹⁵, entre outros.

Discutible como é, en principio, esta clasificación proposta, pois a ninguén se lle escapa que por exemplo o control da calidade do aire¹⁶ resulta de especial importancia no caso das enfermidades que afectan a función pulmonar ou teñen proxección respiratoria, sérvenos non obstante para entender a necesaria imbricación da gobernanza¹⁷ local na cualificación dunha actuación de saúde pública, que ao igual que transformou as nosas actividades diarias durante períodos prolongados vinculados ao Estado de Alarma, tamén puxeron de manifesto a necesidade de melloras reguladoras¹⁸ que afectan á xestión local e, polo tanto, á regulación e capacidade de actuación e xestión das corporacións locais. Vexamos que se quere dicir con iso.

2.1 Exame das competencias locais e a súa xestión en materias afectadas de maneira directa polo Estado de Alarma durante a vixencia do Estado de Alarma

A cronoloxía dos acontecementos que tiveron lugar dende a declaración do primeiro Estado de Alarma en marzo de 2020 marcou tamén a cronoloxía e afección ao exercicio das competencias das administracións locais¹⁹. En primeiro lugar, porque estas se veñen exercer de forma coincidente (xestión dos asuntos ordinarios) coa sorte de recentralización de competencias sanitarias para loitar contra a pandemia que puxo de manifesto a declaración do Estado de Alarma²⁰. En segundo lugar, porque a xestión económica que subxace ao exercicio das competencias en materias diversas como as que teñen atribuídas as administracións locais, víronse afectadas ao mesmo tempo que minoraban as arcas municipais²¹. Con todo, durante a vixencia do Estado de Alarma, ou dos distintos estados de alarma e as súas prórrogas, a afección á xestión local encontrou

como pedra de toque a afección aos dereitos fundamentais na medida en que correspondía aos axentes da autoridade²² manter a orde pública, e velar polo cumprimento das medidas de: toques de recollida, limitación en canto a capacidades, confinamentos perimetrais ou selectivos e, por conseguinte, o exercicio da potestade sancionadora.

A competencia en materia de orde pública entendemos que forma parte das que poderíamos considerar como claves no control da pandemia, pois resulta especialmente importante para a salvagarda das medidas que se adoptan e que nos casos en que supoñan limitación no exercicio de dereitos individuais supón un exercicio de autoridade que fixo recaer nas administracións locais o exercicio non só de potestades sancionadoras vinculadas ao incumprimento das medidas, senón tamén á propia autorización e control *ex ante* de actividades na vía pública, e a salvagarda da orde en operacións de especial significado político como foi a celebración de comicios autonómicos (Madrid²³, Cataluña²⁴, País Vasco²⁵ e Galicia²⁶), co despregamento de medios persoais e materiais para garantir a aplicación dos protocolos sanitarios e evitar gromos en favor do interese xeral da cidadanía. Lémbrese ademais que a Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade do estado²⁷ deixara expresada de maneira directa a necesidade de participación das administracións locais na preservación da orde pública. Labor que veñen realizando, con ou sen pandemia, pero cuxo protagonismo resulta que entendemos moi relevante para o aseguramento das condicións de saúde e orde públicas, primeiro durante a vixencia dos sucesivos estados de alarma e, tras a súa finalización, na aplicación de medidas ratificadas e aprobadas que supoñan limitación do exercicio de dereitos.

Así, a previsión contida no artigo 25 da Lei de bases de réxime local respecto da competencia en materia de tráfico e seguridade viaria, tivo que ser modulada en plena pandemia coas limitacións á mobilidade impostas, o que se operou dende a primeira declaración de Estado de Alarma por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo²⁸.

2.2 Exame dos condicionantes xurisdicionais derivados da incidencia do exercicio de competencias autonómicas no ámbito local, e a súa xestión en todas as materias afectadas pola pandemia tras o Estado de Alarma

Un elemento clave para entender a xestión realizada polas administracións locais, vinculada á imposición de medidas restritivas da mobilidade e limitativas de dereitos *ex* pandemia, foi a progresiva xudicialización da vida administrativa e a súa repercusión na aplicación das disposicións estatais e autonómicas a elas conexas. É por iso polo que resulta neste punto inevitable o exame dos condicionantes xurisdicionais e a súa proxeción tras o Estado de Alarma. Téñase en conta non obstante que, como tivemos ocasión de examinar²⁹, tras a vixencia do primeiro Estado de Alarma (isto é o que comprendeu dende o 14 de marzo de 2020 ata o 21 de xuño de 2020), a posta en valor dunha “estraña” nova normalidade auspiciada polo Plan de desescalada do 28 de abril de 2020, veu acompañada dunha precisa reforma da Lei da xurisdición contencioso administrativa

operada pola Lei 3/2020, do 18 de setembro de medidas procesais e organizativas para facer fronte á COVID-19, no ámbito da Administración de Xustiza, de tal sorte que viñan ser os Tribunais Superiores de Xustiza das Comunidades Autónomas os que coñezan as medidas de carácter xeral adoptadas con motivo da pandemia e non correspondan estas aos xulgados do Contencioso Administrativo³⁰.

Pois ben, nin sequera transcorrería un ano dende a atención cobrada polas decisións xurisprudenciais nos medios, a raíz do seu papel protagonista tras a finalización do que cualificamos como o primeiro Estado de Alarma da pandemia por COVID-19³¹ cando, unha vez finalizado o terceiro Estado de Alarma o 9 de maio de 2021³², se volven reproducir os mesmos escenarios de protagonismo xurisprudencial e casuística na necesaria adopción de medidas administrativas e o seu necesario control de legalidade ante os Tribunais Superiores de Xustiza das comunidades autónomas, cunha variante derivada da entrada en vigor do Real decreto Lei 8/2021, do 4 de maio³³, polo que se adoptan medidas urxentes na orde sanitaria, social e xurisdicional, para aplicar tras a finalización da vixencia do Estado de Alarma declarado por Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o Estado de Alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2³⁴. Esta variante veu engadir a non desprezable atribución de competencia ao Tribunal Supremo³⁵ ex artigo 87.1.bis, e 87 ter. da Lei 29/98, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, respecto dos recursos de casación presentados polas comunidades autónomas fronte ás resolucións emanadas dos Tribunais Superiores de Xustiza das comunidades autónomas, respecto das cuestións suscitadas nos procedementos de autorización e ratificación xudicial das medidas sanitarias restritivas ou limitativas dos dereitos fundamentais³⁶. Isto, ao noso xuízo, lonxe de simplificar complica a dinámica de adopción de medidas restritivas e a súa ratificación pola xustiza ordinaria, introducindo unha xudicialización da vida administrativa³⁷ que se podería evitar³⁸. E iso sen prexuízo de que o leitmotiv que especifica a reforma na súa exposición de motivos, veña auspiciado pola necesidade de uniformar a doutrina, fixando xurisprudencia sobre as cuestións suscitadas³⁹. Non lle escapa ao lector que non só os datos epidemiolóxicos senón a necesidade de reactivación económica pesou na busca dese difícil equilibrio entre a protección da saúde pública e a xeración de riqueza para o país. De tal sorte, que se ben durante o primeiro período *post* Estado de Alarma, nos meses de xuño a outubro de 2020, a reactivación viña marcada pola necesidade de recuperar espazos no sector turístico⁴⁰, no segundo período *post* Estado de Alarma, o que arranca en maio de 2021, a aposta pola reactivación económica apóiase na confianza nos efectos dos protocolos de vacinación⁴¹ e a esperada inmunidade de rabaño⁴². Apóstase, pois, por unha recuperación que poña en valor a resiliencia na xestión e no ámbito local.

2.2.1 A incidencia da regulación autonómica e a súa proxección na xestión local en atención ás limitacións impostas pola pandemia

A entrada en vigor do Estado de Alarma que previra o Real decreto lei 926/2020, do 25 de outubro, e cuxa vixencia, foi prorrogada polo Real decreto 956/2020, do 3 de

novembro, fora prevista ata as 00.00 horas do 9 de maio de 2021, e deixou na xestión administrativa da pandemia e, polo tanto, na economía española, así como no ámbito das medidas administrativas adoptadas, dous escenarios diferenciados. O primeiro que se desenvolve durante a vixencia dos sucesivos estados de alarma e o segundo dende a finalización do Estado de Alarma o 9 de maio e as diferentes actuacións administrativas que teñen lugar para, sen ter procedido unha desescalada a nivel nacional, nin tan sequera unha previsión desta, de maneira homoxénea en todo o país, levar a cabo unha modificación do réxime xurídico aplicable a cuestións esenciais para o control da pandemia, como: a delimitación de capacidades en espazos públicos, a limitación á mobilidade, na delimitación de confinamentos perimetrais ou selectivos, ou a existencia ou non dun toque de recollida que puidese conter a actividade en horas da noite e da madrugada, propiciando incluso o peche de establecementos de hostalería e a prestación de actividade de ocio nocturno.

Pois ben, neste contexto o Real decreto Lei 8/2021, do 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes na orde sanitaria, social e xurisdiccional, para aplicar tras a finalización da vixencia do Estado de Alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o Estado de Alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2⁴³, ao que facíamos referencia, buscaba prover con carácter de urxencia medidas tanto no ámbito sanitario como respecto da atención a colectivos vulnerables, ben por razón de vulnerabilidade económica e social, ou por razón de violencia de xénero, á par que preparaba o terreo para a nova situación derivada da falta de Estado de Alarma na que coexisten diferentes decisións xurisdiccionais, froito da actuación dispar dos órganos xurisdiccionais competentes ao examinar as disposicións administrativas autonómicas que se emanasen co fin de evitar contaxios e, polo tanto, limitar ou restrinxir o exercicio de dereitos individuais⁴⁴.

Desta maneira, a regulación contida na norma oriéntase á atención ás persoas con vulnerabilidade económica e revela unha afección que se proxecta no sistema de servizos sociais e na xestión local da atención sociosanitaria. Neste contexto, pola súa relevancia e proxección en toda a atención que a actuación local veu desenvolvendo neles, debe destacarse, aínda que sexa brevemente, o que afecta á política urbana de medio ambiente urbano, urbanismo e vivenda e o que se refire á integración tecnolóxica na cidade, que manifestou a necesidade de incorporar procesos de dixitalización na actividade administrativa local.


2.2.2 Competencia en materia de vivenda, urbanismo e medio ambiente urbano

A atención á política de vivenda que foi elemento significativo da política local encontrou, a resultas da pandemia, unha especial proxección. Primeiro polos efectos de confinamentos “domiciliarios”, ou a recomendación de que os cidadáns permanecesen nas súas vivendas⁴⁵. Nun segundo lugar pola necesidade de modificar os metros útiles das vivendas para buscar recuperar os balcóns que outrora foran substituídos ou pechados, e en

terceiro lugar, e non menos importante, pola atención que a pandemia revelou respecto das persoas sen fogar, ou os vulnerables que viron incrementada a vulnerabilidade e, polo tanto, os efectos da crise económica derivaron na perda da vivenda en embargos ou lanzamentos que foron demorados pero que viñeron afectar á política local de vivenda. Tanto dende a perspectiva da demanda, ou xestión de promocións inmobiliarias, como dende a orientación ás ofertas de vivendas adaptadas.

Nin que dicir ten que nesta materia, como tivemos ocasión de avanzar, producíronse outras cuestións que afectaron a orde pública, temas tales como as ocupacións de vivenda ou a progresiva “migración” da cidade ao ámbito rural⁴⁶ en busca de espazos máis “seguros”. Cuestión que veu formular outros efectos locais en municipios da España rural, con pouca poboación, e proximidade a grandes aglomeracións urbanas. Pois ben, todas estas cuestións, deron lugar a un tratamento diferenciado, cuxa exhaustividade excedería as liñas do presente traballo⁴⁷, pero que reflicten en certa forma a importancia da política local de vivenda no escenario da crise económica e de emerxencia sanitaria.

Mapa 1. Feitos coñecidos de ocupación ilegal de inmobles.
Xaneiro-xuño de 2020 (Entre parénteses, cifra de 2019)



Outra actuación local que tivo un momento álxido durante o primeiro Estado de Alarma da pandemia e que se mantivo ata a actualidade foi, como apuntabamos, a posta en valor de actuacións tendentes a recuperar os balcóns nas vivendas, cuxo cerramento⁴⁸ se producira de forma xeneralizada en moitos complexos inmobiliarios, co fin de gañar maior superficie útil nas vivendas. Cuestión esta que puidera parecer anecdótica pero que reflicte a necesidade de recuperar os espazos públicos e os pulmóns verdes das cidades.

A iso hai que engadir a problemática derivada do incremento das vivendas turísticas no centro histórico das cidades, cuxa actividade debe axustarse, ademais de a

regulación específica sobre a que tivemos ocasión de reflexionar⁴⁹, á normativa derivada das ordenanzas locais e da planificación urbanística se é o caso⁵⁰. Puidera pensarse que durante a vixencia do Estado de Alarma a actividade destas vivendas tería que reducirse considerablemente, pero a realidade é que simplemente se produciu a constatación da non sempre eficacia das técnicas de control, ou ordenación destas mesmas na súa transformación, en canto ao seu destino para atraer a quen encontraba en España menos restricións de mobilidade e capacidade que as que se esixían nese momento nos seus respectivo países, dando como resultado festas “ilegais” ou reunións non autorizadas coa conseguinte molestia para os veciños residentes no inmovible en que estas se sitúan⁵¹.

Neste contexto, as administracións locais viñeron desenvolver unha política activa, dende a atención a aspectos tales como a protección fronte á contaminación atmosférica, calidade do aire, a paisaxe atmosférica ou a protección do medio ambiente urbano. Ademais, é competencia municipal o tratamento e a depuración das augas residuais, e con iso unha medida de transcendencia na preservación da saúde pública no ámbito urbano, pois a atención á prevención da COVID-19 desvelou a importancia do seguimento ou control das augas residuais para anticipar en que medida se están producindo contaxios ou se espera a produción de contaxios na cidade.

Ademais, un aspecto significado das políticas locais durante a pandemia foi o relativa á preservación das condicións de salubridade pública das vías e mobiliarios urbanos, acceso a espazos públicos e a atención á protección da saúde dende as administracións locais nas competencias que sobre salubridade pública teñen atribuídas. A iso hai que engadir que a atención á morbilidade que a COVID-19 provocou foi unha constante; con ou sen Estado de Alarma, puxo en valor a competencia local na xestión deste espazo como elemento imprescindible para situar a proxección da xestión e gobernanza da pandemia⁵².

3. OPORTUNIDADES ECONÓMICAS DENDE A RESILIENCIA E A INTELIXENCIA TERRITORIAL⁵³: DA CIDADE INTELIXENTE Á CIDADE RESILIENTE

Se algunha lección deixou a experiencia derivada dos meses de Estado de Alarma e a situación xerada coa pandemia, foi a necesidade de construír cidades e políticas resilientes que saiban adaptarse á cambiante realidade, e que busquen anticipar máis que remediar os efectos de posibles crises sanitarias, económicas e sociais. As pandemias que sufriu a humanidade con anterioridade a esta que nos asedia deixaron tras de si non só consecuencias insalvables no número de decesos, ou de perdas económicas, senón que incorporaron a asunción de novos retos que viñeron para quedar⁵⁴. Así, esta pandemia, ao noso xuízo, operou en dous niveis respecto da actuación administrativa, dun lado serviu *de catalizador necesario* respecto dos procesos que se auspiciaban precisos e que se revelaron imprescindibles. Este é o caso da dixitalización administrativa⁵⁵ e o uso das novas tecnoloxías que non son só para a conexión senón para a detección⁵⁶,

trazabilidade, e seguimento dos casos ou a provisión de servizos sociais aos cidadáns a través da administración electrónica, a *e-health*, a robotización, o uso de drones, ou a atención á información subministrada en redes sociais e en plataformas mediante o uso da Intelixencia Artificial (algúns destes elementos están encontrando directa aplicación a través de técnicas de fomento administrativo electrónico en áreas como o Turismo 4.0⁵⁷).

En segundo lugar, revelaron as carencias do sistema xurídico e *as insuficiencias detectadas na regulación existente* en materia de emerxencias sanitarias, poñendo de manifesto un remuíño regulador de emerxencia no que se veu denominar o dereito da emerxencia ou a excepción⁵⁸, facendo patente a necesidade dunha reforma de calado da regulación que integrou como técnica de xestión a gobernanza⁵⁹, ou se é o caso a co-gobernanza non só do Estado coas comunidades autónomas senón na súa directa proxección coa xestión local.

E, en terceiro lugar, evidenciou a necesidade da posta en valor do *prius* ontolóxico da coordinación administrativa *ex* artigo 103 da Constitución, referímonos á colaboración interadministrativa e os seus efectos na xestión da emerxencia. No caso das cidades como se de apagar un incendio se tratase estas estiveron presentes como colaboradoras, aplicadoras de políticas deseñadas a escala nacional e rexional, pero no último extremo artífices do seu cumprimento. Por iso, cando a situación de emerxencia sanitaria acabe superándose e nos deixe fronte a estas outras ensinanzas (de proxección global e de actuación coordinada, por exemplo, no tema de vacinas), será preciso volver a mirada aos actores locais, aos municipios e provincias que necesitarán medios non só técnicos e materiais, senón económicos⁶⁰ para asegurar que as nosas cidades non só sexan cidades intelixentes⁶¹, senón que pensando nas próximas “sindemias”, acaben sendo tamén cidades resilientes⁶².

4 BIBLIOGRAFÍA

- Aguirre i Font, J.M. 2021. «La regulación municipal de las viviendas de uso turístico: soluciones a través del urbanismo», en *Revista de Estudios de la Administración Local y Autónoma*, 15.
- Alonso Ibáñez, M.R. 2020. «Repensar la acción pública local desde nuevos modelos de gestión administrativa», en *Revista de Estudios de la Administración Local y Autónoma*, 14.
- Álvarez García, V. 2020. «La devolución competencial de las Comunidades Autónomas tras la recentralización operada para hacer frente a la pandemia por COVID-19», en *Revista General de Derecho Administrativo*, 55.
- Barrero Rodríguez, C. e Socías Camacho, J.M. (coord.). 2020. *La Ciudad del Siglo XXI, Transformaciones y Retos. Actas del XV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo (AEPDA)*. Madrid: Instituto Nacional de Administración Pública.

- Barnés, J. 1997. «Subsidiariedad y autonomía local en la Constitución», en T. Font i Llovet (dir.), *Anuario del gobierno local 1997*. Madrid: Diputación de Barcelona-Marcial Pons.
- Blanquer, D. (coord.). 2020. *Covid-19 y Derecho Público (durante el estado de alarma y más allá)*. Valencia: Tirant lo Blanch.
- Fernández de Gatta, D. 2020. «El Real Decreto 926/2020, de 25 de octubre: del estado de alarma de Madrid y el desbarajuste jurídico-administrativo de las medidas contra el coronavirus a otro estado de alarma, con prórroga, ..., de nuevo con problemas constitucionales», en *La Ley*, 9741.
- Font i Llovet, T. (dir.). 1997. *Anuario del gobierno local 1997*. Madrid: Diputación de Barcelona-Marcial Pons.
- García Rubio, F. 2020a. *El Derecho Local tras la Racionalización, Entre la Transparencia, la Administración y el Ajuste presupuestario*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- García Rubio, F. 2020b. «Breve análisis jurídico de los efectos del COVID19 sobre las Administraciones Públicas», en M. Llorente Sánchez-Arjona e M.A. Martínez-Gijón Machuca (dirs.), *Pandemia y derecho: Una visión multidisciplinar*. Madrid: Laborum.
- Gerpe Landin, M. (coord.). 2008. *La posición del Tribunal Supremo en el Estado Autonomico*. Barcelona: Instituto de Estudios Autonómicos.
- Gómez Jiménez, M.L. 2016. «De la utilidad del sistema de recursos a la litigiosidad ante el Tribunal Federal Administrativo Suizo», en F. López Ramón (coord.), *Las vías administrativas de recurso a debate, Actas del XI Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo*. Madrid: Instituto Nacional de Administración Pública.
- Gómez Jiménez, M.L. 2020a. «Viviendas Domótica adaptada a la Emergencia Sanitaria: ideas preliminares, retos y propuestas normativas para la sociedad post COVID-19», en *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, junio 2020.
- Gómez Jiménez, M.L. 2020b. «Sostenibilidad urbana local y ciudades saludables en transición en la era COVID-19: un enfoque jurídico sindémico ante el desarrollo azul», en *Revista Iberoamericana de Gobierno Local*, diciembre 2020.
- Gómez Jiménez, M.L. 2020c. «Ciudades Saludables en la era post-covid. Lecciones aprendidas: un apunte sobre los efectos de la pandemia en las políticas de urbanismo y vivienda», en M. Llorente Sánchez-Arjona e M.A. Martínez-Gijón Machuca (dirs.), *Pandemia y derecho: Una visión multidisciplinar*. Madrid: Laborum.
- Gómez Jiménez, M.L. 2020d. (dir.) *Inteligencia Territorial y Regulación Económica*. Cizur Menor: Aranzadi.
- Gómez Jiménez, M.L. 2021a. *Salud pública y emergencias sanitarias: gobernanza y régimen jurídico de las prestaciones a propósito del sistema de derecho comparado autonómico en el contexto de la pandemia por covid-19*. Cizur Menor: Aranzadi (en prensa).
- Gómez Jiménez, M.L. 2021b. «De la reconversión al diseño del nuevo turismo saludable-colaborativo 4.0», en *Revista General de Derecho del Turismo*, 3.
- Lora-Tamayo Vallvé, M. (dir.). 2020. *Manual de Derecho Local*. Madrid: Iustel Publicaciones.

- Martínez Otero, J.M. 2020. «El espacio público urbano como espacio de participación política», en C. Barrero Rodríguez e J.M. Socías Camacho (coord.), *La Ciudad del Siglo XXI, Transformaciones y Retos. Actas del XV Congreso de la Asociación Española de Profesores de Derecho Administrativo (AEPDA)*. Madrid: Instituto Nacional de Administración Pública.
- McNeill, W. 1976. *Plagues and Peoples*. New York: Garden City.
- Míguez Macho, L. 2020. «La ordenación territorial y urbanística como instrumentos en la lucha contra la despoblación del medio rural. El caso de Galicia», en *Práctica urbanística: Revista mensual de urbanismo*, 164 (Exemplar dedicado a: Aspectos prácticos do urbanismo).
- Muñoz Machado, S. (dir.). 2003. *Tratado de Derecho Municipal*, 2.^a ed. Madrid: Civitas.
- Muñoz Moreno, J.L. 2013. «Educación y municipio: la importancia de los servicios municipales de Educación», en *Ensayos Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, 28.
- Navarro Molines, G. 2021. *Manual de Fondos Europeos: Programación, Gestión, Control y Evaluación*. Madrid: Wolters Kluwer, Bosh.
- Nogueira López, A. 2020. «Confinar el virus. Entre el viejo Derecho sectorial y el Derecho de excepción», en *El Cronista del Estado Social y Democrático de Derecho*, 86-87 (Exemplar dedicado a: Coronavirus e outros problemas).
- Pou-Martí, N. et al. 2021. «La toma de decisiones en salud comunitaria a través del mapeo de activos de salud», en *Gaceta Sanitaria*, marzo 2021. <https://doi.org/10.1016/j.gaceta.2021.01.006>
- Rodríguez Míguez, J.A. 2020. «Pandemia, ayudas del Estado y ayudas a los Estados; el reto de la eficiente asignación de recursos públicos en tiempos de crisis», en *REGAP: Revista Galega de Administración Pública*, 60. <https://doi.org/10.36402/regap.v0i60.4646>
- Presno Linera, M.A. 2020. «Teoría y práctica de los derechos fundamentales en tiempos de COVID-19», *Administración y ciudadanía*, 15(2). <https://doi.org/10.36402/ac.v15i2.4643>
- Rivero Ysern, J.L. 2014. *Manual de Derecho Local*. Cizur Menor: Aranzadi.
- Velasco Caballero, F. 2020. «Derecho Local y COVID», en *REGAP: Revista Galega de Administración Pública*, 59. <https://doi.org/10.36402/regap.v0i59.4405>
- Simou, S. 2021. *Derecho local del Cambio Climático*. Madrid: Marcial Pons.

Documentos de Soft-Law Administrativo consultados:

Plan de Recuperación, 130 medidas frente al reto demográfico, Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto demográfico, 21 de maio de 2021.

España 2050, Fundamentos e Propostas para unha Estratexia Nacional a Longo Prazo.

NOTAS

- 1 Este traballo é froito da investigación desenvolvida no seo da Rede Temática REDIAS, Rede de Intelixencia Artificial aplicada á saúde que converxe coas investigacións realizadas pola autora no seo da Rede URBANRED de desenvolvemento urbano sostible e SUMANET financiada con cargo ao plan propio da Universidade de Málaga. Os resultados son posibles grazas ao financiamento derivado dos fondos FEDER que materializaron o Proxecto de Investigación do que a autora é IP e que titula: Propostas e Parámetros Innovadores de "Compliance" aplicados á Domótica e acreditación da adecuación das vivendas das persoas maiores en Andalucía (Vivenda Do-

- mótica Adaptada ao Maior), FEDERJA-261, cofinanciada polo Programa Operativo FEDER 2014-2020 e pola Consellería de Economía e Coñecemento da Xunta de Andalucía.
- 2 O papel protagonista das administracións locais foi posto de manifesto en reiterados foros e documentos oficiais. Por todos, merece a pena lembrar a Carta Europea da Autonomía Local, do 15 de outubro de 1985, (BOE do 24 de febreiro de 1989, que entraría en vigor o 1 de marzo de 1989), que na súa redacción oficial sinalaba: “Considerando que o dereito dos cidadáns a participar na xestión dos asuntos públicos forma parte dos principios democráticos comúns a todos os Estados membros do Consello de Europa; Convencidos de que neste nivel local este dereito pode ser exercido máis directamente”. Documento cuxo cumprimento é obxecto de revisión na Comisión de seguimento do Consello de Poderes locais e rexionais do Consello de Europa.
 - 3 A expresión reproduce a idea que fixo popular Einstein, cando na súa teoría da relatividade incorpora a relación entre a busca de solucións para problemas que non existen, facéndoas depender da adopción de enfoques diferentes aos iniciais.
 - 4 A atención á crise económica e á necesidade de xestión de recursos por parte das Administracións Locais centrou o debate político e a crónica da actividade derivada da Federación Española de Municipios e provincias, que reclama participar nos Fondos Europeos para a recuperación que se recibirá por parte das Autonomías desde Europa. A cuestión con ser relevante e actual non está exenta de cuestións xurídicas ás que máis adiante nos referiremos.
 - 5 Esta foi sen dúbida a primeira liña de intervención administrativa, dende as administracións locais nun dereito administrativo de excepción e emerxencia, como nos lembraba recentemente Nogueira López, 2020: 22-31, e puxemos de manifesto en Gómez Jiménez, 2021a.
 - 6 Non se debe esquecer neste sentido a división de afeccións que dende a perspectiva competencia poden extraerse, como nos sinalou con brillantez o Prof. Velasco Caballero, 2020.
 - 7 Blanquer, 2020.
 - 8 Lémbrese que o artigo 25 da Lei de bases de réxime local, incorpora na súa redacción unha relación destas que se debe complementar coas que como sucede no caso de Andalucía e para as entidades locais autónomas sinalou o Decreto 156/21, do 4 de maio (BOJA do 7 de maio de 2021), polo que se regulan as entidades locais menores autónomas de Andalucía, e que responden á noción de regular na Comunidade Autónoma Andaluza estas entidades, en base á competencia asumida por estas en virtude do disposto no artigo 149.1.18 da Constitución, para “atribuír ás entidades locais autónomas existentes en Andalucía a maior marxe de actuación posible para o exercicio das súas competencias, sen menoscabo da autonomía política e da potestade de autoorganización do municipio ao que pertencen”. Neste contexto incorpóranse como competencias propias das entidades locais menores as seguintes: “Concesión de licenzas de obras menores; Pavimentación, conservación e reparación de vías urbanas; Alumeadado público; Limpeza viaria; Feiras e festas locais; Abastos; Servizos funerarios; Abastecemento de auga en baixa, que inclúe a súa distribución, o almacenamento intermedio e a subministración ou repartición de auga de consumo ata as acometidas particulares ou instalacións das persoas usuarias; Rede de sumidoiros; Recollida de residuos e Control de alimentos”. Ademais, como sinalabamos noutro lugar, as administracións locais non teñen atribuída a competencia en materia de emerxencia sanitaria. Así, despréndese o disposto no Artigo 54 da Lei xeral de saúde pública 33/2011, do 4 de outubro. Neste contexto as actuacións con afección no ámbito da emerxencia sanitaria son en canto competencias que inciden ou coaduxvan á execución destas, pero non como propias na materia.
 - 9 Non se debe esquecer a incidencia que no ámbito competencial tivo a Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, sobre cuxo exame nos deu conta recentemente o Prof. García Rubio, 2020a, e entre outros as relevantes achegas de Barnés, 1997; Font i Llovet, 1997; Rivero Ysern, 2014.
 - 10 Sobre o uso dos espazos públicos pode verse un interesante traballo de Martínez Otero, 2020: 109- 121.
 - 11 O que o Prof. Velasco Caballero sinalou como a adopción de ou ben medidas de “ordenación e intervención relacionadas co uso dos espazos públicos; medidas de cumprimento das medidas adoptadas pola Administración Autonómica” e en exercicio das súas competencias sanitarias de “saúde pública e protección civil” (Velasco Caballero, 2020: 240).
 - 12 Isto é, non dependeron da cualificación ou non dun confinamento perimetral ou limitación de mobilidade e, polo tanto, a súa afección derivou indirectamente da toma de decisións económicas ou sociais que afectaron ao funcionamento da xestión local. No ben entendido de que as administracións locais non exerceron competencias propias en materia sanitaria, por... ou ben carecer destas, no sentido no que demandaba a Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública (artigo 54.1).
 - 13 Muñoz Moreno, 2013.
 - 14 Artigo 25.2.1 LBRL.
 - 15 Actividades moitas delas vinculadas á actividade económica e comercial desenvolvida no ámbito local e que sufriu o impacto directo derivado dos peches perimetrais e dos confinamentos.
 - 16 Expresado como protección da contaminación atmosférica en zonas urbanas, ex artigo 25. 2 b) da LBRL.
 - 17 A noción de Gobernanza Administrativa foi incluída nas políticas sanitarias da pandemia, e a medida na que se buscou a participación de institucións e gobernos rexionais co fin de eliminar as asimetrías derivadas da falta de coordinación, nunha actuación pública que debe realizar un uso eficiente dos seus recursos e redirixilos ao interese xeral. Sobre a Gobernanza precisa no ámbito local tivo ocasión de ilustrarnos Alonso Ibáñez, 2020.
 - 18 Lémbrese que a normativa sobre réxime local non foi modificada de forma substantiva pola normativa aprobada durante a vivencia do Estado de Alarma nos seus sucesivos momentos. Así, a modificación operada na Lei 7/85 de bases de réxime local, foino respecto de cuestións puntuais sobre a posibilidade de permitir a celebración das sesións dos órganos colexiados de medios electrónicos segundo sinala o artigo 46 da Lei de bases de réxime local, pola disposición final segunda do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo pola que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19 (BOE do 1 de abril de 2020). Sobre esta cuestión ou tras relacionalas coas modificacións vinculadas á parte xeral do dereito administrativo reflexionou García Rubio, 2020b: 141-160.
 - 19 Lora-Tamayo Vallvé, 2020.
 - 20 Neste sentido poden verse as reflexións de Álvarez García, 2020.
 - 21 Así, se ben a competencia para a Coordinación xeral da actividade económica corresponde ao Estado, ex artigo 149.1.13 da Constitución, conforme se sucedían os meses da pandemia, e en pleno confinamento, a polémica que trouxo a aprobación do Real decreto lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, finalmente derogado por Resolución do 10 de setembro de 2020, pola que se ordena a publicación ou acordo de derogación (BOE do 11 de setembro de 2020), deu lugar a pronunciamentos como os da Federación Española de Municipios e Provincias que nas súas medidas económicas extraordinarias para paliar os efectos económicos do coronavirus chegaba a afirmar:
«Non podemos esquecer que para os Gobernos Locais tamén a crise vai ser daniña. Xa hai custos que estamos asumindo e outros que se derivan dos Reais decretos que se están aprobando estes días. É importante ser conscientes de que as entidades locais verán reducir notablemente os seus ingresos nos próximos meses, porque as circunstancias da crise afectan a servizos tan importantes como o transporte urbano, e ao cobramento de taxas e impostos como o IBI, o imposto de circulación de vehículos (IVTM), o IAE, a plusvalía, a ORA, etc., que retrasarán previsiblemente o seu calendario de pagamentos e, polo tanto, producirán un desequilibrio orzamentario. Por esta mesma razón, vai ser imposible cumprir a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Dende o noso

- compromiso, os gobernos locais defendemos o concepto da autonomía local para que se respecten as decisións que adopten os concellos con respecto aos impostos municipais. Indubidablemente, a FEMP, como representante das entidades locais comprometidas coa súa cidadanía, é e será coparticipante da solución a esta crise tan disruptiva que estamos vivindo e da que aínda non sabemos a súas consecuencias finais. Pero, dende o noso compromiso coa cidadanía e por respecto á autonomía local, formulamos que calquera medida que requira esforzos adicionais debe ser pactada, debe ser reflexionada e non ser froito das presións, e debe servir, sobre todo, para saír desta situación da mellor maneira posible» (sic. p. 5).
- 22 Merece neste sentido lembrar a consulta realizada á Avogacía do Estado e o seu criterio exposto o 2 de abril de 2020, en pleno primeiro Estado de Alarma, para solucionar o conflito de disparidades de criterios existente entre varias Avogacías do Estado respecto da tipificación e determinación da competencia administrativa para tramitar e resolver os procedementos sancionadores que se incoan por presuntos incumprimentos das limitacións impostas durante o Estado de Alarma declarado polo RD 463/2020, que dá resposta ás interrogantes formuladas. Así, nesta sinálase que: “Son axentes da autoridade, para os efectos do RD 463/2020, os membros das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, os membros dos corpos policiais autonómicos e locais, e os membros das Forzas Armadas que, durante o Estado de Alarma, puidesen ser requiridos para o efecto conforme ao art. 5.6 RD 463/2020”.
 - 23 Que tivo lugar o pasado 4 de maio que supuxo un esforzo significativo para facer cumprir non só os protocolos e medidas sanitarias senón para coordinar e organizar os medios que fixeran posible a súa celebración (Dispoñible en: <https://www.heraldo.es/noticias/nacional/2021/05/04/largas-colas-en-los-colegios-electorales-de-madrid-para-votar-a-primera-hora-elecciones-madrid-1489474.html>, consultado o 15 de maio de 2021).
 - 24 Ou no caso catalán véxase: <https://es.euronews.com/2021/02/11/por-que-cataluna-celebra-elecciones-en-plena-pandemia-la-accidentada-convocatoria-do-14-f> (consultado o 15 de maio de 2021).
 - 25 No caso do País Vasco, a prensa facíase eco dos preparativos: <https://elpais.com/espana/2020-05-18/asi-se-votara-en-las-elecciones-vascas-tras-la-pandemia.html> (consultado o 15 de maio de 2021).
 - 26 Dispoñible en: <https://www.lavozdegalicia.es/noticia/elecciones/2020/07/16/generalitat-envio-tecnicos-galicia-estudiar-organizar-elecciones-pandemia/00031594907900893655248.htm> (consultado o 15 de maio de 2021).
 - 27 Artigo 1 da Lei orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, en relación co disposto no artigo 53 desta norma.
 - 28 Artigo 7.
 - 29 Gómez Jiménez, 2020b (o traballo foi pechado en outubro de 2020, días antes da declaración de Estado de Alarma que se aprobaría o 25 de outubro de 2020 e polo tanto recolle a casuística e xurisprudencia máis relevante ata esa data).
 - 30 Gómez Jiménez, 2020b, na explicación da devandita reforma p. 12.
 - 31 Respecto dunha precisa cronoloxía dos estados de alarma e as medidas adoptadas pode verse, entre outros: Gómez Jiménez, 2020a. Así, e de maneira simplificada, España enfrontou o primeiro Estado de Alarma dende o 14 de marzo de 2020 ao 21 de xuño de 2020. No período comprendido entre o 21 de xuño de 2020 ao 9 de outubro de 2020, vivimos instalados nunha pretendida, “nova normalidade non exenta de problemas xurídicos. Posteriormente foi por Real decreto 900/2020, do 9 de outubro, polo que se volveu declarar Estado de Alarma ata o 24 de outubro de 2020, motivando a prórroga que chegou ata o 9 de maio de 2021. No momento en que estas liñas se redactan sen vixencia de novo Estado de Alarma está presente a aplicación do Real decreto lei 8/2021, do 4 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes na orde sanitario, social e xurisdiccional, para aplicar tras a vixencia do Estado de Alarma”.
 - 32 Lémbrese que o segundo e terceiro Estado de Alarma, e o máis prolongado da democracia foi consecuencia da aplicación do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o Estado de Alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, que finalizou ás 00.00 horas do 9 de novembro de 2020, e que foi prorrogado polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro de 2020, ata o 9 de maio de 2021.
 - 33 BOE do 5 de maio de 2021.
 - 34 Sobre a norma e algunhas reflexións que suscitaría esta pode verse: Fernández de Gatta, 2020.
 - 35 A necesidade de resituar a posición do Tribunal Supremo na complexidade do Estado Autonómico fora xa algo obxecto de atención en estudos previos e foros, por todos: Gerpe Landín, 2008.
 - 36 Presno Linera, 2020.
 - 37 Noutro contexto xeográfico e xurisdiccional tivemos ocasión de pronunciarnos respecto da xudicialización da vía administrativa, en sede de recursos administrativos ao respecto do caso suízo, como pode verse en Gómez Jiménez, 2016.
 - 38 Os medios de comunicación recolleron tras a reforma operada polo Real decreto lei 8/2021, a elaboración dende o Gabinete Técnico do Tribunal Supremo dun informe de urxencia que poñía en entredito a forma xurídica utilizada e o contido desta. Non obstante, aclarábase apenas un día máis tarde que o devandito informe era provisional e non vinculante obedecendo a un carácter interno.
 - 39 Cando estas liñas se redactan xa se produciron os primeiros pronunciamentos do Tribunal Supremo en casación por causa do recurso interposto polas comunidades autónomas fronte ás decisións adoptadas polos respectivos Tribunais Superiores de Xustiza. Este é o caso da Sentencia do TS que desestima a casación que trae causa no auto do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias do 9 de maio de 2021, 113/2021, Relator: Ilmo. Sr. D. Pedro Manuel Hernández Cordobés.
 - 40 Así o poñían de manifesto as previsións comunitarias en Europa, tales como a comunicación da Comisión Europea ao Parlamento Europeo e ao Consello, ao comité económico e social da UE, así como ao comité das rexións, do 13 de maio de 2020, denominada “Turismo e Transporte en 2020” e con posterioridade “Recomendación do Consello sobre un enfoque coordinado da restrición da libre circulación en resposta á pandemia da COVID-19”, do 4 de setembro de 2020 Comunicación da Comisión Orientacións da UE para a recuperación progresiva dos servizos turísticos e para os protocolos sanitarios nos establecementos de hostelería-COVID19, entre outros.
 - 41 Neste sentido, o uso de equipamentos e infraestruturas para a vacinación e a aplicación da Estratexia de Vacinación, nas súas distintas actualizacións, entre outras pode verse: https://ieepbjpkhaiioojkepfniodjmjjihl/data/pdf/s/web/viewer.html?file=https%3A%2F%2Fwww.mscbs.gob.es%2Fprofesionales%2FsaludPublica%2FprevPromocion%2Fvacunaciones%2Fcovid19%2Fdocs%2FCOVID-19_Actualizacion6_EstrategiaVacunacion.pdf.
 - 42 Dispoñible en: <https://elpais.com/sociedad/2021-05-10/pedro-sanchez-asegura-que-espana-esta-a-100-dias-de-lograr-la-inmunidad-de-grupo.html> (consultado o 21 de maio de 2021).
 - 43 BOE do 5 de maio de 2021.
 - 44 Neste sentido resulta de interese o exame das medidas extraordinarias que se ditan respecto da orde xurisdiccional contencioso-administrativo, en relación coa modificación do artigo 87 bis da Lei da xurisdicción contenciosa administrativa, ao dicir: “Serán susceptibles de recurso de casación, en todo caso, os autos ditados en aplicación do artigo 10.8 e do artigo 11.1.i) desta lei”.
 - 45 Dende a entrada en vigor do primeiro Estado de Alarma, sucedéronse –con ou sen Estado de Alarma– confinamentos selectivos cando se detectaron gromos, e prevíronse medidas para atender as consecuencias derivadas destes como sinalara na súa exposición de motivos o Real decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte á COVID-19 (BOE do 1 de abril de 2020).
 - 46 O que motivou, non só a recuperación de espazos e atención aos concellos de áreas rurais, senón dende a proxección dunha atención específica vinculada ao despoboamento, a elaboración do Informe Plan de Recuperación 130 medidas fronte ao reto demográfico,

- que foi presentado o 21 de maio de 2021, e que pode verse en : https://ieeepbjnkhaiiojkepfniodjmjihl/data/pdf.js/web/viewer.html?file=https%3A%2F%2Fwww.miteco.gob.é%2Fes%2Freto-demografico%2Ftemas%2Fmedidas-reto-demografico%2Fplan_recuperacion_130_medidas_tcm30-524369.pdf (consultado o 22 de maio de 2021).
- 47 Pode verse por todos: Miguez Macho, 2020 (Exemplar dedicado a: Aspectos prácticos do urbanismo).
- 48 Lembrese a frondosa xurisprudencia sobre os peches ilegais que puxeron de manifesto unha tendencia por recuperar espazo nas vivendas, a costa nalgun caso de diminuír elementos de accesibilidade na edificación, (STS de 11 de febreiro de 2019, RCJ 2019/419).
- 49 Gómez Jiménez, 2020c.
- 50 Sobre o exame desta cuestión pode verse a achega de Aguirre i Font, 2021.
- 51 Sobre esta cuestión, puido seguirse en medios de comunicación, por todos: Sobre esta cuestión cuxa polémica e efecto social é significativo pode verse o seu reflexo nos medios de comunicación: <https://elpais.com/espana/2021-03-30/la-policia-se-ampara-en-una-orden-interna-para-entrar-en-domicilios-con-fiestas-ilegales.html?rel=lom> (consultado o 10 de maio de 2021), e os apuntamentos realizados en Gómez Jiménez, 2021b.
- 52 A Organización Cruz Vermella aprobou, en outubro de 2020, un documento que servise de guía para a xestión dos cemiterios titulado: planificación, preparación e xestión de cemiterios durante a pandemia da COVID-19: breve guía sobre documentación adecuada e disposición de cadáveres, que pode verse en: <https://ieeepbjnkhaiiojkepfniodjmjihl/data/pdf.js/web/viewer.html?file=https%3A%2F%2Fshop.icrc.org%2Fdownload%2Febook%3Fsku%3D4483%2F003-ebook> (consultado o 22 de maio de 2021)
- 53 Sobre esta noción pode verse o texto que tiveron o luxo de coordinar: Gómez Jiménez, 2020d.
- 54 Como no seu día nos lembrara McNeill, 1976.
- 55 Hai consenso na doutrina e na normativa respecto da importancia da dixitalización administrativa, e da aceleración desta a resultados da pandemia. O labor das administracións locais suxeitas ás previsións da Lei de procedemento administrativo común, e o efecto disruptivo da tecnoloxía e a intelixencia artificial no ámbito local merece non obstante un exame detido, pois implica tomar en consideración, non só as previsións normativas sobre a materia no ordenamento xurídico español no seu conxunto senón no ámbito do dereito autonómico local e a súa necesaria proxección na orde local, vía disposicións regulamentarias.
- 56 En Girona, por exemplo, preséntase un certificado dixital COVID-free polo móbil que emitiron as farmacias que participan no ensaio clínico. O certificado habilita para entrar a espazos comerciais e establecementos de hostalería. Vid. Pou-Martí *et al.*, 2021.
- 57 A afección á política turística derivada da pandemia, cos seus efectos económicos, deu lugar á aplicación dunha política de fomento administrativo e de axudas ao sector co fin de propiciar a súa recuperación. Sector que ao noso entender precisa dunha reconversión, auspiciada pola integración tecnolóxica e impulsada pola necesidade de adaptarse a novos mercados, con outras carencias e características diferenciadas. Así, como se dunha válvula de osíxeno se tratase, tras a finalización do Estado de Alarma máis prolongado da democracia española, o día 9 de maio produciuse unha reactivación da mobilidade, e das expectativas de recuperación do sector turístico, ante a proximidade das datas do verán de 2021. A afección á nova realidade, aínda afectada polo cumprimento do calendario de vacinación, e o progresivo levantamento do peche perimetral entre territorios antes confinados ou con peche perimetral, está permitindo formular a noción dun Protocolo do Municipio (espazo) seguro para incentivar a mobilidade turística. Analizamos con maior profundidade esta e outras conexas no ámbito do turismo en: Gómez Jiménez, 2021b.
- 58 Nogueira López, 2020: 22-31.
- 59 Interesantes as reflexións sobre este particular por Alonso Ibáñez, 2020.
- 60 Loable e precisa a reivindicación neste sentido derivada da Federación de Municipios e Provincias en atención ás medidas económicas extraordinarias para paliar os efectos económicos do coronavirus, e a súa proxección na estratexia 2020, presentada dende a Oficina Nacional de Prospectiva e Estratexia, poden verse algunhas das medidas previstas cuxo exame non podemos realizar aquí en: <https://www.espana2050.com/> (consultado o 21 de maio de 2021). Sobre a asignación de recursos económicos e a súa importancia respecto dos fondos provenientes da UE pode verse entre outros: Rodríguez Míguez, 2020.
- 61 Barrero Rodríguez e Socías Camacho, 2020.
- 62 Pois a seguinte crise, que se vén anticipando, non será só sanitaria senón climática e necesitamos estar preparados para afrontala.

